

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unha ollada á historia.	Pequeno achegamento ao deseño editorial, a través da realización dunha pequena revista, como medio para presentar o aprendido sobre o século XIX.	30	10	X		
2	O Mar	Neste proxecto nos sumerxiremos no coñecemento do mar desde diferentes perspectivas. Presentaremos o aprendido a través dun medio dixital e outro analóxico.	70	25		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unha ollada á historia.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	PE	28
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar as funcións da auga e os usos da mesma.	TI	72
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	O Mar	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.	PE	37
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar as funcións da auga e os usos da mesma.	TI	63
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización da campaña publicitaria.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. Traballarase de xeito individual e en equipo. Os proxectos están deseñados cun grado de dificultade en aumento procurando así a búsqueda progresiva da autonomía do alumnado á hora de confeccionar un proxecto

Ao longo de todo o curso levarase a cabo dous proxectos, un proxecto pequeno na primeira avaliación e outro máis completo ao longo das outras dúas.

O primeiro consistirá na realización dunha pequena revista entorno ao tema do século XIX.

Se lles proporcionará un texto base na que o alumnado traballará á hora de analízalo, resumilo, esquematízalo... para que encaixe na revista que teñen que realizar por grupo de tres ou catro membros. Repartiránse o traballo en diferentes roles semellantes aos que participan unha editorial.

O segundo proxecto será a realización dunha presentación nun medio dixital e nun analóxico entorno ao tema do mar.

Nesta ocasión se lles proporcionará ao alumnado diferentes fontes onde atopar a información sobre o tema, pero será o alumnado o encargado de escollela para analízala, resumila, esquematízala e poñela en común cos demais compañeiros do grupo e cos que comparten o mesmo aspecto traballado sobre dito tema. Posteriormente organizará dito material para incluílo as dúas presentacións a realizar.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Bioloxía e Xeoloxía (funcións vitais, problemas ambientais...)
- Xeografía e Historia (achegamento á historia do século XIX, historia da pesca na comarca...)
- Matemáticas (estatísticas nos consumos da auga por fogares, concellos, comunidades...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquedas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Material e recursos aportados polo departamento e o centro.

Proxector, ordenador, pantalla, pizarra tradicional, apuntes de referencia sobre contidos, láminas de exercicios feitos na aula e adicionais, material didáctico de consulta analóxica e dixital (bibliografía, audiovisuais, webs...),

ferramentas de debuxo e material fungible variado.

A utilización de parte deste material por parte do alumnado dependerá do criterio do profesor.

Materiais que debe aportar o alumnado.

lapis HB ou portaminas 0,5mm, goma, affia lapis, ceras duras e rotuladores de cores (12), un rotulador de punta fina negro (0,5 mm), unha regra graduada, tixeiras, pegamento de barra, unha carpeta de plástico A4 con solapas para gardar o material.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do

Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	70	100
Proba escrita	28	37	34
Táboa de indicadores	72	63	66

Criterios de cualificación:

1. NA AVALIACIÓN CONTINUA.

a ACTITUDE do alumnado e que quedarán rexistrados no caderno de aula. Os datos rexistrados referiranse basicamente a actitude de traballo que presenta o alumnado, a asistencia e puntualidade e a puntualidade á hora da entrega das láminas. So se poderá entregar os traballos fora de prazo se está debidamente xustificada a causa. O computo destes datos suporá un 20% da nota final de cada avaliación.

Cada falta de asistencia e puntualidade non xustificadas, de actitude e retraso á hora de entregar as láminas suporán unha redución de 0,2 puntos.

a TRABALLOS DE CLASE. Que suporán o 80% da nota e que se extraerá dos diferetes traballos propostos ao longo do curso: dossier informativo coa recompilación da información solicitada, análise de textos.... e as presentacións e exposicións dos proxectos.

2. NA AVALIACIÓN FINAL. Das tres avaliacións parciais que se realizarán ao longo do curso obterase unha nota final

resultado da media aritmética destas avaliacións. Dita nota pode variar en función do realizado posteriormente durante a avaliación final.

Nesta avaliación realizaranse actividades de dous tipos: de ampliación e de recuperación.

De AMPLIACIÓN orientadas para que o alumnado, que acadando polo menos a cualificación mínima nos tres parciais, teña a posibilidade de subir a nota. A subida desta nota media non poderá superar un punto. Esta nota obterase da media aritmética das probas ou actividades propostas ao alumnado.

O Redondeo da nota será como está indicado no exemplo: 4,60 (5) / 4,59 (4)

Criterios de recuperación:

Na avaliación final o alumnado que non acadou a cualificación mínima nos parciais poderá acollerse a seguinte medida de recuperación:

Realizar unha proba escrita sobre diferentes aspectos áxicos traballados nos proxectos. A nota máxima será do 6.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

1. Alumnado con dificultades de comprensión:

- Sentar cun compañeiro con destrezas na materia.
- Supervisar o seus exercicios antes do día da entrega
- Valorar publicamente os seus acertos e corrixir en privado os seus erros.
- Flexibilizar criterios de corrección.

Posibilidade de repetir algún dos traballos mal feitos, sobre todo os de dificultade menor, ou ampliar os prazos de entrega dos mesmos a espensas de no facer algún dos traballos programados (principalmente os de máis dificultade) co fin de acadar o grao mínimo.

2. Alumnado fortemente desmotivado:

- Prestar o material de aula baixo compromiso de ter o seu na sesión seguinte.
- Avisar á familia no caso de reincidencia, previo informe a titoría.

3. Alumnado co Síndrome de Asperger. Alumnado con síndromes do espectro autista:

- Ubicar na 1ª fila.
- Supervisar que ten o material e realiza os exercicios.
- No caso de repetir actitude, informar, previo aviso á titoría, á familia.
- Atraer e manter a súa atención con chamadas e preguntas sobre o explicado e a actividade a realizar.

4. Alumnado TDHA:

- Dar máis tempo para resolver tarefas.
- Valorar publicamente os seus acertos e corrixir en privado os seus erros.
- Flexibilizar criterios de corrección

5. Alumnado inmigrante con descoñecemento do idioma

- Escribir no taboleiro os enunciados dos exercicios e falar no seu contorno e cara a eles. Repetir pausadamente as explicacións que o requiran.
- Empregar internet para facer traducións, se fora necesario. Ás veces os propios alumnos/as traducen palabras clave ao inglés ou francés.
- Sentar cun compañeiro con habilidades sociais.
- Flexibilizar criterios de corrección.

6. Alumnado con problemas de psicomotricidade fina:

- Analizar, xunto co departamento de Orientación cal é a súa problemática e ver as posible solucións.
- Nos exercicios máis complexos de emprego de escuadro, cartabón e compás, ofrecer tarefas sinxelas.
- Nas tarefas de visualización e representación de pezas, propoñer figuras sinxelas.
- Flexibilizar criterios de corrección.

7. Alumnado altamente capacitado:

- Facer propostas de exercicios máis creativos.
- Entregar actividades máis complexas
- Ampliar información teórica dos contidos
- Pedir colaboración para actuar con compañeiros de clase.
- Valorar e agradecer publicamente a súa axuda.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2
ET.1 - Respeto e coidado do entorno cultural e natureza		X
ET.2 - Actitude de traballo, esforzo e iniciativa	X	X
ET.3 - Respeto entre iguais e traballo en equipo	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Entrevista	Entrevistas a persoas do ámbito laboral relacionado co mar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
P) - Dase a coñecer o máis salientable da programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc)
(P) - Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos.
(M) Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
(M) Ofrécense ao alumnado as explicacións individualizadas que precisa.
(M) Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
(M) - O grao de participación do alumnado nos exercicios prácticos de grupo é axeitado
(AD) - A programación contempla a atención á diversidade.
(AD) - Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso
(AD) - Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario
(AD) - Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
(AV) Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
(AV) Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
(AV) - O alumnado coñece os criterios de avaliación e o peso na cualificación das probas escritas e exercicios prácticos.
(AV) - No deseño das probas e exercicios prácticos téñense en conta as competencias clave.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (AV) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados